



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 2/2018

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DOUS DE MARZO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Ordes, a dous de marzo de dous mil dezaeito.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asisten:

- MANUEL REGOS BOQUETE
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

Pola Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, procédese a dar lectura á Declaración Institucional con motivo da celebración o día 8 de marzo do Día da Muller, subscrita por todos os concelleiros desta corporación, que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

“Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller a corporación municipal de Ordes reafirma o seu compromiso coa igualdade e, recoñece o traballo das mulleres que, tanto de forma individual como a través das entidades e asociacións, loitan no noso país pola igualdade ante a lei e dan importantes pasos para erradicar as distintas formas de discriminación que impiden ás mulleres o exercicio pleno dos seus dereitos.

A corporación municipal de Ordes é consciente do camiño que queda por percorrer, a pesar dos avances conseguidos.

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade, debendo facer especial mención ás mulleres con diversidade funcional, as cales son obxecto de maiores trabas á hora de acceder ao mundo laboral e ter as mesmas oportunidades. As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. E a este escenario contribúe, certamente, a persistencia dos estereotipos de xénero; de aí que sexa preciso traballar en favor dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes, os roles e os estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero, sen esquecer que esta importante tarefa comeza desde as idades máis temperás, para que as futuras xeracións de galegas e galegos constrúan unha sociedade verdadeiramente igualitaria.

Sen dúbida, outro dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

A corresponsabilidade é labor do conxunto da sociedade; administracións públicas, axentes sociais e instancias privadas debemos traballar para fomentala e crear sinerxías que redunden nunha organización social na que sexa máis doado para todos e todas harmonizar a vida privada e a laboral e facer un uso racional dos tempos.

Desde a corporación municipal de Ordes temos o firme convencemento de que o avance socioeconómico, cultural e social vai depender ineludiblemente de que mulleres e homes partan das mesmas condicións de igualdade e de oportunidades para poder alcanzar as mesmas metas, sen que os atrancos de xénero constitúan unha limitación para o da vida das persoas”.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE data 26/01/2017.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 26/01/2017, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria de data 26/01/2018, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, coas abstencións do Sr. Sr. Vázquez Raña, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

II.- INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se da conta de ningunha actuación municipal.

PUNTO TERCEIRO: ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO DE D. LUIS CAAMAÑO FRAGA (ART.9.4 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).

Visto o escrito de data 15/02/2018, rexistro de entrada nº 747, presentado por D. LUÍS CAAMAÑO FRAGA, con DNI nº 76363393N, de renuncia por motivos persoais ao cargo de concelleiro no Concello de Ordes, concelleiro non adscrito (art. 73.3 Lei 7/1985, de 2 de abril).

Visto o disposto no art. 9.4 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Visto o disposto no art. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que foi un pracer compartir labor política con el nesta corporación e desexarlle todo o mellor nesta nova etapa que comeza a partir de agora.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se suman ás palabras anteriores.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro no Concello de Ordes, **D. LUÍS CAAMAÑO FRAGA**, con DNI nº 76363393N, concelleiro non adscrito (art. 73.3 Lei 7/1985, de 2 de abril).

2º.- Remitir copia do presente acordo á Xunta Electoral Central para a expedición da credencial para tómaa de posesión como concelleira do Concello de Ordes de **D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL**, con DNI nº 79332731G, candidato nº 8 da Candidatura nº 2: Partido Popular (BOP nº 78, de data 28/04/2015. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 233/2015.

PUNTO CUARTO: ALEGACIÓNS ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO (ORA).

Visto o acordo do Pleno do Concello, de data 05/12/2017, de aprobación inicial da modificación Ordenanza de ordenación e regulación do aparcamento ORA.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Visto o informe de data 18/01/2018, Xefa Provincial de Tráfico de A Coruña sobre delimitación de determinadas zonas de estacionamento.

Visto o escrito de data 19/01/2018, rexistro de entrada nº 312 presentado por D^a Beatriz Martínez Candal e D^a. Paula Gómez Rosende, alegacións expediente de modificación ordenanza ORA. Anexo: Recollida de sinaturas para alegacións á modificación da ordenanza municipal do servizo público de ordenación e regulación do aparcamento (ORA) de Ordes, trámite información pública BOP nº 15/12/2017, nº 237.

Visto o informe de Secretaría, de data 20/02/2018, que se transcribe a continuación:

“Emítase o presente informe en cumprimento da Providencia da Alcaldía de data 19 de febreiro de 2018, e de conformidade co disposto no artigo 173 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no artigo 54 do Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e nos artigos 3 e 4 do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro.

1. ANTECEDENTES.

- Ordenanza de ordenación e regulación do aparcamento ORA (BOP nº 246, de data 26/10/2016).
- Acordo do Pleno do Concello, de data 05/12/2017, de aprobación inicial da modificación Ordenanza de ordenación e regulación do aparcamento ORA.
- Trámite información pública BOP nº 15/12/2017, nº 237.
- Informe de data 18/01/2018, Xefa Provincial de Tráfico de A Coruña sobre delimitación de determinadas zonas de estacionamento.
- Escrito de data 19/01/2018, rexistro de entrada nº 312 presentado por D^a Beatriz Martínez Candal e D^a. Paula Gómez Rosende, alegacións expediente de modificación ordenanza ORA. Anexo: Recollida de sinaturas para alegacións á modificación da ordenanza municipal do servizo público de ordenación e regulación do aparcamento (ORA) de Ordes.

2. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

Recóllese, fundamentalmente, na seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

En particular:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Artigo 49 LBRL.

A aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Artigo 4. Concepto de interesado (LPA).

1. Considéranse interesados no procedemento administrativo:

- a) Quen o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo adóptese.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e acúdanse no procedemento en tanto non recaia resolución definitiva.

Artigo 63 (LBRL).

1. Xunto aos suxeitos lexitimados no réxime xeral do proceso contencioso-administrativo poderán impugnar os actos e acordos das Entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico:

- b) Os membros das corporacións que votasen en contra de tales actos e acordos.

Artigo 209 (ROF)

2. Xunto aos suxeitos lexitimados no réxime xeral do proceso contencioso-administrativo, poderán impugnar os actos e acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico os membros das Corporacións locais que votasen en contra de tales actos e acordos.

Artigo 129. Principios de boa regulación (LPA).

3. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir coa norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios.

Artigo 132 (Planificación normativa) LPA.

1. Anualmente, as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.

2. Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal da Transparencia da Administración Pública correspondente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Artigo 133. Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos (LPA).

1. Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteprojecto de lei ou de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma achega de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

(...)

4. Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos neste artigo no caso de normas presupostarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen. Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigacións relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro. Si a normativa reguladora do exercicio da iniciativa lexislativa ou da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente destes procedementos, a eventual excepción do trámite por esta circunstancia axustarase ao previsto naquela.

Artigo 171. Marcas doutras cores (RD. 1428/2003, de 21 de novembro).

(...)

f) **Marcas azuis.** As marcas que delimitan os lugares en que o estacionamento está permitido, que sexan de cor azul en lugar da normal cor branca, indican que, en certos períodos do día, a duración do estacionamento autorizado está limitada.

3. INFORME.

PRIMEIRO: LEXITIMACIÓN ACTIVA PARA PRESENTAR COMO INTERESADAS UNHA ALEGACIÓN CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA ORA.

O art. 49.b da LBRL reconece aos interesados o dereito á presentación de reclamacións e suxestións no trámite de información pública seguinte ao acordo de aprobación inicial dunha ordenanza municipal.

No presente procedemento de modificación da Ordenanza ORA presentouse unha alegación conxunta pola Sra. Martínez Candal e a Sra. Gómez Rosende, actuando no seu propio nome e representación, na que plantexan cuestións de legalidade

A Sra. Martínez Candal é concelleira do Concello de Ordes e veciña do municipio de Ordes (Lg. A Brea, Ardemil). A Sra. Gómez Rosende é veciña do Municipio de Ordes (rúa república Arxentina, Ordes).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

A Sra. Martínez Candal no pleno do Concello de data 05/12/2017 no punto da orde do día no que se adoptou o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza ORA abstívose na votación (folla nº 11 da acta da sesión), polo que carece de lexitimación como concelleira para presentar unha alegación contra o acordo de aprobación inicial da modificación desta ordenanza.

O Tribunal Constitucional declarou nas súas sentenzas 173/2004 e 108/2006 que o art. 63.1.b da LBRL atribúe aos membros das corporacións locais, polo só feito de selo unha lexitimación concreta ex lege para poder impugnar os actos ou actuacións das corporacións locais que contradigan el ordenamento xurídico que só desaparece cando se produce a excepción prevista na norma, que o Concelleiro en cuestión votase a favor do acto que pretende impugnar. As sentenzas anteditas declaran expresamente que: "o precepto analizado -o tan repetido art. 63.1.b) LBRL -parte, por elemental lóxica, dun principio de lexitimación dos membros representantes populares das corporacións locais, que logo resulta matizado no caso de que os actos propios de devanditos representantes durante o proceso de formación de vontade do órgano que ditou o acto de que se trate contradigan palmariamente a posterior actividade impugnatoria, cousa que se produciría cando non se puxo obxección algunha ao acordo ou cando, ata, votouse a favor da súa adopción".

A Sra. Martínez Candal e a Sra. Gómez Rosende como veciñas do Concello de Ordes non acreditan a súa condición de interesadas (Art. 4.1 LPA) a efectos de presentar esta alegación.

O Tribunal Supremo en sentenza de 14 outubro 2003, RJ 2003/8388, sinala: Salvo nos supostos en que o ordenamento reconece lexitimación para exercer a acción pública, non basta como elemento lexitimador bastante o xenérico desexo cidadán da legalidade, pois é necesaria unha determinada relación coa cuestión debatida xa que como sinalou a sentenza desta Sala de 26 de novembro de 1994 (RJ1994, 9331, a lexitimación «ad causam» conleva a necesidade de constatar a interrelación existente entre o interese lexítimo invocado e o obxecto da pretensión, ou como dixo a Sentenza de 21 de abril de 1997 (RJ 1997, 3337), se parte do concepto de lexitimación «ad causam» tal cal foi recollido pola doutrina como atribución a un determinado suxeito de un dereito subxectivo reaccional, que lle permite impugnar unha actuación administrativa que el considera ilegal, e que incidiu na súa esfera vital de intereses e a defensa dese dereito require, como presuposto procesual, que o acto impugnado afecte, xa que logo, a un interese do recurrente".

Non se acredita cal é a relación entre as alegantes e o acordo de aprobación da ordenanza ORA, en que medida a súa entrada en vigor lles vai a producir un efecto positivo ou negativo ou en que medida repercute de forma directa ou indirecta na súa esfera xurídica.

En particular a Sra. Gómez Rosende residen nunha rúa dun edificio con garaxe, na que se vai a implantar un espazo ORA regulado mediante disco de control ou outro medio de proba da hora de estacionamento, cun horario de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas, de 16:00 a 20:00 horas, estacionamento cunha duración de 90 minutos e sen limitación de desprazamento do vehículo 250 m unha vez expirado o tempo máximo, non xustifica en que medida esta nova regulación afecta aos seus intereses lexítimos.

Do contido da alegación despréndese que se está a actuar principalmente en defensa da legalidade (alegación primeira, apartados A e B e alegación terceira), a maiores hai unha proposta alternativa de regulación (alegación cuarta), carácter recadatorio (alegación quinta),



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 8

problemática da sinalización horizontal (alegación sexta), proposta alternativa de regulación (alegación sétima).

Como anexo á alegación presentada pola Sra. Martínez Candal e Sra. Gómez Rosende xúntase nove follas nas que no seu anverso se recollen sinaturas de persoas que manifestan a súa opinión sobre tres cuestións que se plantexan en relación coa aprobación da modificación da Ordenanza ORA.

Este anexo non pode considerarse como alegación presentada no trámite de información pública do acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza ORA, por non axustarse as normas de procedemento administrativo: non se atribúe a representación ás Sras. Martínez Candal e Gómez Rosende para a súa presentación ante o Concello de Ordes (art. 5 LPA), nin veñen dirixidas ao Concello de Ordes (art. 66.1.f LPA).

En relación con este anexo de sinaturas hai que sinalar que das 102 sinaturas presentadas, 37 correspóndense con persoas que non teñen a condicións de veciños do concello de Ordes ao non figurar empadroadas no padrón municipal de habitantes. 2 sinaturas indentifícanse so co nome, non se indica DNI e a maiores unha destas persoas non asina a alegación.

SEGUNDO: ALEGACIÓN PRIMEIRA: A) INCLUSIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA ORA NO PLAN ANUAL NORMATIVO.

Alégase que non se cumpriu o trámite establecido no art. 132.1 LPA de inclusión da modificación da Ordenanza ORA no Plan Anual Normativo que o Concello de Ordes debeu aprobar no ano 2016 contendo as iniciativas regulamentarias a aprobar polo Pleno no ano 2017.

A modificación desta ordenanza trae causa dun escrito presentado con data 17/03/2017, rexistro de entrada n° 1278 pola Presidenta da Asociación de Comerciantes de Ordes (AcOrdes) solicitando a modificación da Ordenanza ORA para incluír no seu ámbito de aplicación as rúas que figuraban no plano anexo, que deu lugar a unha proposta de Alcaldía de modificación do art. 2 da Ordenanza ORA, de data 21/03/2017, unha proposta do grupo político BNG, de data 24/03/2017, de establecemento dunha zona azul gratuíta coa delimitación de rúas proposta por AcOrdes e estudo pola Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Tráfico, de data 24/03/2017. A maiores, con data 11/10/2017, rexistro de entrada n° 5717, o Sr. Mosquera Pedreira e 13 persoas máis, comerciantes de Ordes, solicitaron a inclusión de determinadas rúas da Vila de Ordes no ámbito de aplicación da Ordenanza ORA.

A interpretación que debe facerse do artigo 132.1 LPA non pode ser tan rigorosa que conduza a concluír que se durante o ano 2017 xurde a necesidade de levar a cabo unha modificación dunha norma regulamentaria, aínda que non ano 2016 no existise esta necesidade ou esta non se puidese prever para o ano 2017, ao non estar incluía esta modificación normativa no Plan Anual Normativo, esta modificación non pode levarse a cabo e por tanto non pode darse cumprida satisfacción a unha cuestión de interese xeral para os veciños por non figurar no Plan Anual Normativo e ter que esperar ao ano seguinte para levar a cabo a súa tramitación.

A interpretación que debe facerse da aplicación deste artigo debe ser a mesma que establece o art. 25.3 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, que sinala: Cando se eleve para a súa aprobación polo órgano competente unha proposta normativa que non figurase no Plan Anual Normativo ao



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

que se refire o presente artigo será necesario xustificar este feito na correspondente Memoria da Análise de Impacto Normativo.

A LPA non esixe a xustificación anterior, aínda que esta queda acreditada polos escritos presentados polos representantes dos comerciantes de Ordes e comerciantes a título individual, proposta do grupo político BNG, solicitando no ano 2017 levar a cabo a modificación desta ordenanza.

TERCEIRO: ALEGACIÓN PRIMEIRA: B) OMISIÓN DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA DO ART. 133.1 LPA.

Alégase que existe un vicio procedemental ao considerarse que unha modificación substancial dunha norma regulamentaria debe equiparase ao suposto de elaboración dun proxecto de regulamento que esta sometido ao trámite de consulta previa do art. 133.1 LPA.

Non se xustifica cal é o razoamento xurídico que interpretando a redacción da norma permite chegar a tal conclusión, nin tampouco se xustifica aínda que se afirma por que non son de aplicación ao presente expediente os supostos en que pode prescindirse deste trámite, e en particular o establecido no art. 133.4 LPA, que sinala que cando a proposta normativa regula aspectos parciais dunha materia pode omitirse o trámite de consulta previa. Debe xustificarse por que una modificación substancial dunha norma regulamentaria non é unha regulación parcial dunha materia é por tanto non lle é de aplicación a excepción anterior.

Con data 10 de xaneiro de 2018 pola Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda e AAPP en contestación a unha consulta plantexada pola FEMP en relación co impacto da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no procedemento de aprobación de ordenanzas fiscais, informouse no punto terceiro: Necesidade en todo caso do trámite de consulta pública no procedemento de aprobación de ordenanzas fiscais. “Se plantexa si a consulta pública previa resulta necesaria en todo caso, ou únicamente nos supostos de aprobación de novas ordenanzas fiscais. A este respecto, hai que sinalar que o apartado 4 do art. 133 da Lei 39/2015, establece a excepción ao trámite de consulta, entre outros supostos, para o de regulación de aspectos parciais dunha materia. Polo tanto, conclúese que o trámite de consulta pública debe substanciarse cando se trata da aprobación dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal xa aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Unha ordenanza fiscal ao igual que unha ordenanza ou regulamento é unha manifestación da potestade regulamentaria das entidades locais que se diferencia destes unicamente pola especificidade das materias obxecto de regulación (tributos), polo que a resposta a esta alegación facendo unha interpretación conxunta do art. 133 apartado 1 e 4 LPA é que a modificación da Ordenanza ORA, por regular aspectos parciais dunha norma regulamentaria xa aprobada con anterioridade non esta sometida ao trámite de consulta previa.

CUARTO: ALEGACIÓN SEGUNDA: SOBRE O OBXECTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DA ORA.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Sinálase que o obxecto da modificación da Ordenanza ORA é o establecido no art. 1 (Obxecto) da Ordenanza ORA.

Estase e a confundir o obxecto (fixar medidas de estacionamento limitado) que se pretende regular a través da Ordenanza ORA e os fin (garantir a rotación dos aparcamentos) que pretende esta regulación que se establecen no art. 1 (obxecto) desta norma, co obxecto da modificación da Ordenanza ORA que se levou a cabo no pleno de data 05/12/2017 e que ven explicado na proposta de Alcaldía que se someteu a ditame da Comisión Informativa e a aprobación do Pleno. Que é a ampliación do perímetro da zona ORA toda vez que as rúas que bordean o actual perímetro soen estar totalmente saturadas durante case que todo o día, o que dificulta a mobilidade e vai en prexuízo do comercio local.

QUINTO: ALEGACIÓN TERCEIRA: AUSENCIA DE XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE ESTABLECER NOVAS ZONAS NAS QUE OS CIDADÁNS DEBEN PAGAR POR APARCAR.

Sinálase que a modificación da Ordenanza ORA vulnera o principio de proporcionalidade (art. 129.2 LPA) ao non ofrecer a menor explicación dos motivos que levan a ampliar as zonas nas que os veciños teñen que pagar por estacionar os seus vehículos na vía pública, non se realizou un estudo detallado dos fluxos de tráfico ou das necesidades dos veciños.

Existe unha proposta de Alcaldía, de data 27/11/2017, poderá considerarse breve, sucinta ou pobre no seu contido e explicación, pero non pode dicirse que na mesma non se xustifican as necesidades que se pretenden atender coa regulación proposta. Así, párrafo 1º (bo funcionamento do espazo ORA mediante adquisición de tickets de estacionamento), párrafo 2º (existencia de concellos con espazos ORA regulados mediante disco de control ou outro medio de proba da hora de estacionamento), párrafo 3º (necesidade de ampliación do perímetro da zona ORA), párrafo 4º (sometemento a estudo do funcionamento dos dous espazos), párrafo 5º (delimitación dos espazos ORA de pago e gratuítos).

Non se aprecia por tanto ausencia de motivación e arbitrariedade da modificación da Ordenanza ORA proposta.

SEXTO: ALEGACIÓN CUARTA: FINALIDADE RECADATORIA DA MODIFICACIÓN. XERACIÓN DE IMPORTANTES PREXUÍZOS PARA OS VECIÑOS DAS ZONAS AFECTADAS.

Afírmase a finalidade recadatoria da modificación da Ordenanza ORA que impón novas cargas económicas aos veciños, cun incremento de ingresos para o Concello para un servizo que ten un superávit anual de \pm 16.000 euros.

As rúas afectadas pola modificación da Ordenanza ORA son as que foron propostas por ACORDES no súa solicitude de data 17/03/2017, con respecto a esta proposta a decisión municipal unicamente é a da súa inclusión como espazos regulados mediante disco de control ou outro medio de proba da hora de estacionamento (espazo ORA gratuito), excepto un tramo da rúa do Mercado e un tramo da rúa República Arxentina que pasa a ser un espazo regulado mediante adquisición de tickets de estacionamento (espazo ORA de pago). A maiores a rúa dos Lagartos ata o de agora espazo regulado mediante adquisición de tickets de estacionamento pasa



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

a ser espazo regulado mediante disco de control ou outro medio de proba da hora de estacionamento. A proposta de Alcaldía, de data 27/11/2017, xustifica de forma sucinta por que na modificación da ordenanza se fai esta delimitación de espazos ORA

SÉTIMO: ALEGACIÓN QUINTA: INEXISTENCIA DE ALTERNATIVA DE APARCAMENTO AOS RESIDENTES DOS EDIFICIOS QUE NON DISPOÑEN DE GARAXE.

Afírmase que a delimitación de ambas marxes das rúas como espazos limitados no tempo para estacionar resulta lesiva para os intereses dos veciños que residen en edificios que carecen de garaxe que deberán estacionar lonxe das súas vivendas, ou afrontar o permanente pago deste sistema abusivo, cos custes e molestias que delo se deriva, solicitándose o establecemento de zonas de estacionamento para residentes ou aparcamento libre nunha parte da rúa.

As rúas da vila de Ordes, como o resto das estradas municipais son bens de dominio público, de uso público, de utilización xeral pola totalidade dos cidadáns/veciños de Ordes (correspondendo a todos por igual, o uso dun veciño non impide o uso de outro veciño). Non existe un dereito subxectivo individual a aparcarse na rúa na que se reside. Se se pretende establecer un uso de determinadas rúas nas que se recoñece unha zona de estacionamento para residentes estamos ante un uso privativo, que limita o dereito de aparcamento do resto de cidadáns/veciños de Ordes, que está suxeito a autorización e como todo aproveitamento especial do dominio público está suxeito ao pago dunha taxa (Art. 20.1.A R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, LRHL).

Quen decide mercar/residir nun piso que carece de praza de garaxe e ten que estacionar o seu vehículo na vía pública debe asumir tamén os inconvenientes que isto supón.

As únicas rúas que coa modificación da Ordenanza ORA se ven afectadas polo espazo ORA regulado mediante adquisición de tickets de estacionamento son un tramo da rúa do Mercado e un tramo da rúa República Arxentina, rúas nas que existen edificios con garaxe.

Non pode utilizarse o trámite de información pública da modificación da Ordenanza ORA para propor unha modificación nas rúas do espazo ORA reguladas mediante tickets de estacionamento que xa figuraban incluídas na regulación anterior.

OITAVO: ALEGACIÓN SEXTA: SINALIZACIÓN HORIZONTAL DOS ESPAZOS REGULADOS NO PÉRIMETRO DA ZONA ORA.

Alégase que a delimitación con liñas de cor azul os espazos de ORA regulados mediante adquisición de tickets de estacionamento e os espazos ORA regulados mediante disco de control ou outro medio de proba da hora de estacionamento, é confusa, pouco operativa, xerará problemas de seguridade aos veciños e un maior custe para as arcas municipais, propóndose a delimitación de ambos espazos con liñas de cor azul e laranxa.

Con data 18/01/2018, pola Xefa Provincial de Tráfico de A Coruña emítese informe sobre delimitación de determinadas zonas de estacionamento no que se sinala que por aplicación do disposto nos arts. 170, 171 e 172 do R.D. 1428/2003, de 21 de novembro, as zonas de estacionamento cuxa duración estea limitada, deberán estar delimitadas por marcas viais de cor



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

azul, tanto si a súa utilización está suxeita a unha tarifa como se non. Polo que non poden incluírse nas ordenanza ORA unhas marcas viais (laranxa) de delimitación das zonas de estacionamento reguladas mediante disco de control ou outro medio de proba da hora de estacionamento que sexa contraria ao ordenamento xurídico.

A indicación mediante unha T ou D en cada praza de aparcamento en zona de estacionamento cuxa duración esta delimitada non pode considerarse como unha marca vial cuxa finalidade é regular a circulación e advertir ou guiar aos usuarios da vía (art. 169 R.D. 1428/2003, de 21 de novembro), xa que a súa finalidade é diferenciar unha zona de estacionamento limitado suxeito a tarifa ou non.

NOVENO: ALEGACIÓN SÉTIMA: PROPOSTAS DE MELLORA DO TEXTO DA ORDENANZA PROPOSTA POLO ALCALDE.

Propostas de mellora do texto da Ordenanza que se somete a información pública. 1.- Establecemento no perímetro da zona ORA dunha marxe da rúa de aparcamento libre ou reservado para residentes. 2.- Non incremento dos espazos ORA suxeitos a tarifa xa existentes. 3.- Ilegalidade da diferenciación dos espazos ORA suxeitos ou non a tarifa mediante unha letra T o D por non estar regulado na lei de marcas viais, anulación do acordo plenario.

En relación as melloras propostas anteriormente xa se informou nos apartados anteriores deste informe. Precisar que a posible ilegalidade da diferenciación dos espazos ORA suxeitos ou non a tarifa mediante unha letra T o D por non estar regulado na lei de marcas viais non pode dar lugar a anulación do acordo plenario, en todo caso, á eliminación desta mención no art. 6.2 da Ordenanza. A nulidade ou anulabilidade en parte dun acto administrativo non implica a das partes do mesmo independentes daquela, salvo que a parte viciada sexa de tal importancia que sen ela o acto administrativo non fose ditado (Art. 49.2 LPA).

DÉCIMO: SOLICITUDE DE ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS NA SÚA INTEGRIDADE, SUBSANACIÓN DOS DEFECTOS FORMAIS E PROCEDIMENTAIS E CORRECCIÓN DAS DETERMINACIÓNS DE FORMA PREVIAS Á APROBACIÓN DEFINITIVA.

A solicitude final que se realiza no escrito de alegacións presentada non é posible tal e como esta se formula.

De estimarse a alegación de non inclusión da modificación da Ordenanza ORA no Plan Anual Normativo, non podería procederse á aprobación definitiva da modificación da ordenanza, arquivándose o expediente, este trámite non é subsanable ao prescindirse absolutamente do procedemento establecido (art. 47.1.e LPA), debendo iniciarse este de novo cumpríndose previamente co trámite de inclusión no Plan Anual Normativo para o ano 2019.

De estimarse a alegación de non sometemento ao trámite de consulta pública con carácter previo a aprobación inicial da modificación da Ordenanza ORA, este trámite ao igual que no caso anterior non é subsanable ao prescindirse absolutamente do procedemento establecido (art. 47.1.e LPA), non podería procederse á aprobación definitiva da modificación da ordenanza,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 13

arquivándose o expediente. Debería iniciarse un novo expediente de modificación da Ordenanza axustada ao establecido no art. 133.1 LPA.

De estimarse a alegación de non exercicio da potestade regulamentaria de acordo co principio de boa regulación (principio de proporcionalidade), este trámite ao igual que no caso anterior non é subsanable ao prescindirse absolutamente do procedemento establecido (art. 47.1.e LPA), non podería procederse á aprobación definitiva da modificación da ordenanza, arquivándose o expediente. Debería iniciarse un novo expediente de modificación da Ordenanza axustada ao establecido no art. 129.3 LPA.

Por todo elo, procede que polo pleno do Concello se desestime a alegación Presentada por D^a Beatriz Martínez Candal e D^a. Paula Gómez Rosende, contra o expediente de modificación ordenanza ORA aprobado inicialmente polo pleno do concello, de data 05/12/2017, procedendo de conformidade co establecido no art. 49.c da LBRL a súa aprobación definitiva.

E canto teño a ben informar, sometendo as opinións xurídicas contidas no informe a outras mellor fundadas en dereito”.

Visto o ditame da Comisión informativa de Urbanismo, Obras e Tráfico.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que como tanto o goberno como os seus socios van a votar en contra das alegacións baseándose no informe técnico como indicaron na pertinente comisión vai a falar en contra de cada punto do informe. En contra do punto primeiro, a ordenanza ORA é unha disposición de carácter xeral, quere dicir que é unha norma xurídica que afecta a todos os cidadáns. A lei esixe que antes de que sexa aprobada esa norma sexa sometida a información pública para que cada veciño poida alegar en contra da mesma o que considere oportuno. É inadmisíbel que se diga que é necesario acreditar un concreto interese lexítimo para poder denunciar as irregularidades nas que se incorre coa nova regulación da ORA. É inadmisíbel que se analice a vida privada dunha das persoas alegantes para concluír que como vive nun edificio con garaxe o novo réxime da ORA non lle afecta. Si lle afecta por que calquera veciño teña ou non garaxe pode aparcar na vía pública cando o considere oportuno e encontrarse efectivamente prexudicado polo novo réxime da ORA, a pesar de que dende este momento gracias ao Sr. Alcalde será se ningún motivo máis custoso e latoso. Custoso por que saíra dos bolsillos poder aparcar en determinados espazos, e latoso por que aínda que se dispoña de zonas gratuítas os veciños veranse na obriga de andar cambiando o seu vehículo cada hora e media. O mesmo podemos afirmar de que non se teña presentado esta alegación polos máis de cen veciños que se subscribiron á mesma. Poden preguntar a cada un deles se realmente están de acordo coa nova ordenanza. Polo tanto e a pesar das trabas formais que pretende impor aos máis de cen veciños, todos dan por presentada a alegación, todos están en contra da ordenanza tal e como está plantexada e afortunadamente ela defende o seus intereses, o que parece que o Sr. Alcalde non fai. Segundo e terceiro punto, non que se refire a que con esta modificación da ordenanza ORA se incumpre o art. 132.1 da Lei 39/2015 LPA, debemos recordar que a elaboración do plan anual normativa é na actualidade unha obriga legal que se está a incumprir neste expediente. Tamén se está a prescindir do trámite de consulta pública da mesma lei. Estas normas teñen como finalidade que os veciños



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

poidan prepararse antes das novas cargas que quere imporlle o concello e establecer un sistema para que de forma previa na tramitación da ordenanza os veciños poidan manifestar a súa opinión sobre a mesma. Certamente o Sr. Alcalde podía haber avisado desta modificación ou ter realizado unha consulta pública para adecuarse ás necesidades da maioría dos veciños, pero parece que non lle interesa a opinión dos cidadáns se non so impor o seu criterio, que é arbitrario, inxustificable e contrario ao de moitos dos veciños. Por todo insto ao Sr. Alcalde a que non aprobe esta modificación da ordenanza da ORA e consulte aos veciños si o que esta propondo esta solucionando os seus problemas ou se como é público e notorio os está prexudicando. Evidentemente todos estes argumentos non se refiren a aspectos da ordenanza que melloran as necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que usan vehículos, xa que considero que todavía se teñen que ampliar máis as medidas previstas. En cuanto ao punto cuarto so dicir que veremos veciños na rúa Nova aparcando no Campo da Feira. En cuanto ao quinto, neste punto evidénciase a falta de motivación e arbitrariedade, o Secretario afirma que pode ser unha motivación moi breve, pero que ao existir por escasa que sexa é formalmente suficiente. En canto ao sexto, hai unha finalidade puramente recadatoria, implantar zona ORA de pago na zona de Correos e na rúa República Arxentina, por que é sabedor o Sr. Alcalde que son as rúas de máis tránsito de vehículos e donde menos posibilidades hai de aparcar. Pregúntelle aos veciños que viven na zona de Correos que contentísimos están, pregúntelles se están de acordo con pagar na súa rúa. Vostede quere quitarlle os cartos dos petos a veciños e visitantes. Esa é a razón de ampliar a zona de pago cando nunca estivo xustificable en todo o trámite do expediente a necesidade de semellante trapallada. O servizo ORA non é deficitario, polo tanto por moito que lle pese esta modificación obedece a fins recadatorios. En canto ao sétimo, é o Sr. Alcalde o que toma decisións sen escoitar a todos os veciños, tanto se decide que se poida aparcar libremente como se decide que se poida impor algún tipo de limitación. Pero é que neste caso pretende impor o seu criterio pese á oposición de máis de cen veciños. Non quere ver que é posible que os cidadáns requiran ao concello para que os espazos ORA sexan establecidos de xeito que beneficien a todos, veciños e comerciantes. Igual que o Sr. Alcalde tivo competencias para modificar a ordenanza prexudicando así aos veciños, o que piden estas máis de cen persoas é que a modifique para restablecer unha regulación razoable e consensuada que atenda ás necesidades de todos. En canto ao oitavo, non quere mencionar cidades con cores verdes para residentes, nin cidades con cores laranxa onde contan con espazos gratuítos de aparcamento limitado temporalmente. En canto ao noveno, remítese a razoamentos que fundamentou nos anteriores puntos e engade unha frase, pode ter vostede moito dereito pero os veciños tamén temos moita razón. En canto ao décimo, xa que está probado que non se consultou previamente á veciñanza, nin se lles advertiu de que se pretendía modificar a ordenanza ORA e que se incumpren así os principios da boa regulación como esixe a LPA, corresponde que se cumpran estes trámites e se fose necesario reiniciar o procedemento. En todo caso non existe inconvinte en que se estimen ás máis de cen alegacións presentadas, primeiro, que nas rúas incluídas na ampliación do perímetro da zona ORA nas que se aparque en ambas marxes se manteña unha das marxes como aparcamento libre ou subsidiariamente que esa marxe quede reservada para aparcamento de residentes. Segundo, que non se incremente nun espazo de aparcamento de pago respecto ao existente xa que a rúa Lagartos a descarta vostede por que é a que menos recada e impón como zona de pago zonas de alta concorrencia. É terceiro, que se modifique a sinalización horizontal recollida na modificación da ordenanza que se somete a información pública. Corresponde agora ao Sr. Alcalde decidir se aceptar as alegacións ou parte delas ou se cobardemente vai a usar os seus socios de goberno para tomar esta petición de máis de cen veciños, aos que non solicitou opinión cando debía.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a Sra. Martínez Candal se trabuca, a competencia é do pleno, non súa, así como na maioría dos razoamentos que acaba de facer en todos e cada un dos puntos aos que fixo referencia. Como é habitual e como xa fixo con anterioridade vostede enfoca todo nel e se esquece de que as competencias do pleno son soberanas, e as competencias do Alcalde son as que defendeu e seguirá a defender cando lle corresponde. Polo tanto deixe de focalizar cando non corresponde, cando o Alcalde non ten atribución, nin posibilidade de facelo. Aquí a competencia é do pleno, o que ditamine o pleno é o que se sacará adiante. Non esquezamos de antemán que isto parte sempre dunha petición dos comerciantes que piden que se amplie a zona ORA en determinadas rúas, cos que se reuniron, que se reuniron con outros grupos políticos e a partir de aí se leva unha primeira proposta no mes de xuño e outra no mes de novembro. A isto parece que non lle interesa facer referencia. O máis fácil tivera sido quedarse quieto, ás veces ser valentes axuda a tirar para adiante. Cando o comercio ten unha demanda e se entende que é xusta xa se viu o apoio maioritario nun momento ou doutro da corporación municipal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vázquez Raña, concelleiro non adscrito, que sinala que este punto foi debatido na Comisión Informativa e despois de escoitar o informe dos técnicos seguen a ter a mesma postura no voto, tanto o Sr. González Santos como o Sr. Gómez Candal.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que en relación coa declaración institucional anterior están totalmente de acordo, a maiores queren mostrar todo o seu apoio á folga de mulleres que terá lugar o vindeiro 8 de marzo e tamén animar á veciñanza a asistir ás 4ª xornadas feministas que organizan dende o BNG de Ordes. Con respecto a estas alegacións da ORA, primeiro queren puntualizar ao informe de Secretaría. Con respecto ao punto segundo, é certo que existe unha proposta do grupo político BNG de 24 de marzo de 2017 para o establecemento dunha zona azul gratuíta coa delimitación das rúas proposta por AcOrdes. Pero esta moción aínda recollía máis, propoñían a elaboración e aprobación dunha nova ordenanza xeral sobre o tráfico recollendo a zona azul gratuíta e a delimitación da mesma proposta por AcOrdes. Propoñían zona azul gratuíta na totalidade, cousa que non se levou a cabo no anterior pleno. Tamén pedían a derogación da ordenanza fiscal da ORA. Tamén propoñían unha bonificación do 95% da contribución nas parcelas que foran cedidas ao concello para o que se coñece como leira parkings, espazos de aparcamento en solares baleiros para aliviar esa situación do problema de aparcamento en Ordes. Un incentivo para as persoas que prestasen esas parcelas para ese uso. Tamén pedían unha delimitación das prazas nestes solares e un adecentamento dos mesmos, dos seus acceso e do seu firme. Con respecto ao punto oitavo do informe de secretaria, sinálase que a indicación cunha D ou T en cada praza de estacionamento cuxa duración esta limitada non pode considerarse como unha marca vial cuxa finalidade é regular a circulación e advertir aos usuarios da vía xa que a súa finalidade é diferenciar as zonas de estacionamento limitado. Non vai a entrar en criterios técnicos, pero algo semellante se pretende co pintado desas liñas laranxas que outros concellos como o de A Vilés están aplicando sen problema de ningún tipo e que serven para diferenciar a zona de pago da zona gratuíta. No tocante ás alegacións, no punto sétimo concordan nunha parte con elas. Non anterior pleno non votaron favorablemente a modificación desta ordenanza por que entendían que tal e como se propón diferenciar unicamente cunha D ou T mantendo a cor azul vai a xerar caos e confusión na xente, aínda non se pedira o informe a Tráfico. Votaron abstención por que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

se nos dixo que estaba pendente o das cores do informe de Tráfico. Unha vez que o informe di que non se pode facer, esa é a postura que van a manter para diferenciar os espazos ORA, están de acordo coa alegación que di que se non se quere acoller o réxime de cores que estableceron outros concellos sen estar comprendidos na norma de marcas viais, proceda a anular o acordo plenario ao completo ao dispor dunha distinción de zonas que tampouco esta regulada na lei de marcas viais.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que xa se manifestaron. A súa idea é unha zona azul gratuíta e ao mesmo tempo dotala de zona para residentes. Hai que pensar nos comerciantes pero tamén hai que pensar na xente que vive nesas rúas. Propuxemos cando se votou este punto unha emenda que non foi aceptada, que non se deixou debater, foron o único partido que votou en contra da proposta do goberno por que creen que non pode haber zonas ORA de pago e gratuítas, non é tanto o gasto que pode ser se hai unha zona ORA gratuíta. Van a manter a mesma opinión.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que o pleno do concello de 5 de decembro de 2017 aprobou inicialmente a modificación da ordenanza de ordenación e regulación do aparcamento ORA. Durante o trámite de información pública Beatriz Martínez Candal, concelleira e veciña de Ordes e Paula Gómez Rosende, veciña de Ordes, presentaron un escrito de alegacións contra este acordo de aprobación inicial ao que adxunta unhas follas de firmas co fin de demostrar que a modificación da ordenanza que se pretende agrede os dereitos dos veciños. Non vai entrar a facer unha análise política das alegacións, así como facer un resume do informe do secretario do concello polo de agora. Pero si vai a recordarlles cal foi o motivo de levar a cabo esta modificación da ordenanza, o seu obxectivo, así como o seu contido. Pola Presidenta da asociación de comerciantes de Ordes (Acordes) o 17 de marzo de 2017 co obxecto da adopción de medidas de apoio ao comercio local solicitou a modificación da ordenanza ORA para que se inclúa no seu ámbito de aplicación unha serie de rúas do centro urbano da vila de Ordes. Esta solicitude deu lugar ao inicio do expediente de modificación desta ordenanza cunha proposta da alcaldía e o seu estudo na Comisión Informativa de Tráfico. O BNG de Ordes o 24 de marzo de 2017 presentou una proposta de establecemento dunha zona azul gratuíta nas rúas propostas por Acordes. A maiores o 11 de outubro de 2017 varios comerciantes reiteran novamente a petición da modificación da ordenanza ORA co presentación dun escrito con sinaturas. Tendo en conta o reiterado interese manifestado polo comercio local o 5 de decembro de 2017 sométese ao pleno a proposta da alcaldía de data 27 de novembro de 2017 de modificación da ordenanza ORA que foi aprobada inicialmente. Esta proposta de modificación consistía na inclusión como espazos ORA gratuítos mediante disco de control ou outro medio de proba da hora de estacionamento das rúas solicitadas por Acordes, excepto un tramo de rúa do mercado e un tramo de rúa república arxentina que se someten ao pago dunha taxa. A maiores a rúa dos lagartos pasa a ser espazo ORA gratuíta. Ao final o número de prazas de espazo ORA suxeitas a ticket ven a ser practicamente os mesmos. O obxectivo desta modificación é garantir a rotación dos aparcamentos das rúas que bordean o actual perímetro da zona ora e favorecer un maior dinamismo do comercio local. Por último aproveitouse para adaptar o texto da ordenanza á normativa vixente en materia de tráfico. Dito todo isto, agora si pasamos a analizar o escrito de alegacións. En primeiro lugar vostede presenta cen firmas que aporta como apoio do escrito de alegacións. Dúas xa son nulas, están sen firmas, están sen datos. Revisadas as persoas que firman para comprobar cales son residentes en rúas afectadas pola ampliación dos espazos ORA, resulta que temos 39 persoas que non son veciñas de Ordes ao non figurar no padrón municipal de habitantes, 12 persoas que resultan ser veciños residentes da Brea, Mesón do



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Vento, Ardemil e emparentados con vostede, o resto persoas veciños residentes en outros lugares do municipio. Os residentes en rúas afectados polos espazos ORA son unha ínfima parte desas cen firmas, en concreto 29. Este resultado réstalle seriedade e peso ao intento de demostrar que a modificación da ordenanza que se pretende agrede os dereitos dos veciños. Isto é como quere presumir de que se é moi popular nunha rede social por que se teñen moitos amigos ou seguidores e despois resulta que maioritariamente son parentes, familiares ou compañeiros de grupos de actividades, amigos reais poucos. Hai 18 firmas que o único que piden é que se reserven espazos de estacionamento para residentes, non se opoñen á ampliación como espazos ORA de ticket a rúa correos e a rúa república arxentina. Por tanto debemos entender que non consideran que se agredan os dereitos dos veciños. Xa lle digo que aparcar na rúa onde se reside non é un dereito. Non sei se as persoas que piden eses espazos de estacionamento para residentes saben que estes están suxeitos ao pago dunha taxa. Non sei se eses residentes estarían de acordo en ter que pagar por esa reserva, máis aínda canda a rúa nova, rúa compostela, rúa lagartos, rúa rosalia de castro e parte de rúa do mercado pasan a ser espazos ORA gratuítos. Creo que garantiza máis o aparcamento aos residentes destas rúas nas que o espazo ORA é gratuíto e en ambas marxes, por que vai haber unha maior rotación dos aparcamentos que si unha das marxes é de aparcamento libre por que aí poderá aparcar calquera usuario da via, residente ou non, e sen limitación de tempo. Despois hai 53 firmas de persoas que está en contra de toda modificación da ordenanza, prefiren que quede como esta. Como supoño que esta pregunta a redatou vostede como promotora desta recollida de firmas, pregúntolle: entón que resposta, alternativa, medida lle da vostede ás persoas que firma esta oposición aos comerciantes para favorecer, impulsar ou axudar a mellorar o comercio local. Temos entendido que vostede intentou deixar estas follas de recollidas de firmas nos establecementos comerciais e estes se negaron. Creo que con esa negativa xa lle estaban indicando que non estaban de acordo co seu intento de impedir a aprobación desta modificación da ordenanza ORA. Por último firmas de veciños residentes en rúas afectadas pola ampliación dos espazos ORA de pago son unicamente 6, un número ínfimo para considerar que existe unha oposición manifesta a esta zonificación. Descoñezo cales son os dereitos dos veciños que vostede considera que se agreden. Como lle dixen antes non existe un dereito a aparcar na propia rúa de residencia, tampouco un dereito a que polo concello se garanta ese aparcamento, que no caso de que se establecese estaría suxeito ao pago dunha taxa. Se me está a falar de dereitos económicos, aínda que ese é unha das súas alegacións. Vou a explicarlle por que se establecen como espazos ORA de ticket un tramo da rúa do mercado e un tramo da rúa república arxentina. Sabe vostede cal é a rotación do aparcamento destas rúas. Hai vehículos que aparcan durante toda a maña, outros toda a tarde, e outros aparcan o día enteiro, en concreto na rúa república arxentina. Sabe por que se esixe un ticket e non se establece o sistema de disco. O tramo de rúa do mercado é un dos máis comerciais de Ordes e o tramo de rúa república arxentina e un dos máis prácticos para aparcar e facer xestións. Se se establece un sistema de aparcamento suxeito a ticket estase a garantir que se utilice este aparcamento polo tempo estritamente necesario, se ese aparcamento esta suxeito á colocación dun disco nada impide que se aparque polo tempo máximo establecido. E a ninguén lle escapa que cando a utilización dun ben de dominio público ten prezo este uso tende a ser máis razoable. Sinceramente creo que esta actuando por puro capricho para tratar de impor o seu criterio e ao mesmo tempo tratar de dificultar a labor de goberno, sen ter en conta que coa súa atitude a quen realmente esta a prexudicar é ao comercio de Ordes. A continuación vou a facer un exame das alegacións presentadas tomando como referencia o informe do secretario que propón desestimar estas e aprobar definitivamente a ordenanza. Primeiro: lexitimación da Sra. Beatriz Martínez e da Sra. Paula Gómez para presentar estas alegacións. Sra. Martínez, vostede como concelleira non esta lexitimada por que non votou en contra do acordo de aprobación inicial. Como veciñas estas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

persoas non acreditan en que medida os seus dereitos se ben afectados por esta modificación da ordenanza. Vendo o contido das alegacións vese que o que pretenden principalmente é que a modificación se axuste ao procedemento establecido e defender o dereito a aparcas dos residentes que carecen de praza de garaxe. Segundo: necesidade de que a modificación da ordenanza sexa incluída previamente no plan anual normativo. A Sra. Beatriz Martínez di que non se cumpriu o requisito legal de recoller a modificación da ordenanza no plan anual normativo. Antes de dicirlle por que esta equivocada na interpretación que fai do artigo 132 da Lei de procedemento administrativo, quero facerlle dúas observacións que non sei se tivo e vai a ter en conta. Primeiro, se vostede considera que toda modificación normativa para poder ser tramitada ten que figurar previamente no plan anual normativo por que como di debe permitirse que os cidadáns coñezan con anterioridade as cargas e limitacións de dereitos que o concello esta plantexando trasladarlles. Entón pregúntolle si o acordo plenario de 26 de maio de 2017 no que co seu voto se aprobou a súa moción de modificación de ordenanzas fiscais do IBI, IAE e IVTM, foi legal, axustouse ao establecido no art. 132 da LPA, por que non existía tal inclusión no plan anual normativo. E non vale dicir que descoñecía que houbese que aprobar un plan anual normativo ou que non se lle informou, por que independentemente diso a súa modificación segundo a súa interpretación do art. 132 LPA segue a ser ilegal, a maiores das ilegalidades que lle informaron os técnicos municipais. Segundo, cando se debata e se vote o punto sexto da orde do día, a modificación de ordenanzas fiscais para obter a acreditación de concello Doing Business Galicia, vai a votar en contra por que esta modificación de ordenanzas fiscais tampouco esta incluída no plan anual normativo. Por que aínda que vostede poda estar de acordo con esa modificación de ordenanzas supoño que o primeiro que pedirá é que esa modificación se axuste ao procedemento establecido, e o primeiro paso de acordo coa interpretación que vostede fai do art. 132 da LPA é que esa modificación se inclúa no plan anual normativo. E non vale con absterse, por que supoño que será igual de belixerante na esixencia do cumprimento da LPA neste punto sexto como o é coa modificación da ordenanza ORA. Terceiro: pregunto, retoricamente, a interpretación que vostede fai do art. 132 LPA so se aplica as modificacións de ordenanzas ou regulamentos que fai o goberno, non as que pretende vostede. A coherencia na actuación política Sra. Martínez é importante, debe darse exemplo do que se predica. Como di o secretario no seu informe esa interpretación que vostede fai non so non é consecuente co establecido no art. 25.3 da Lei do goberno, senón tamén que sería prexudicial para o funcionamento do concello, así como para atender os intereses xerais dos veciños. Terceiro: necesidade de sometemento ao trámite previo de consulta pública. Vostede considera que unha modificación dunha ordenanza require un trámite de consulta pública que non se cumpriu no expediente de modificación da ordenanza ORA. Volvo a dicirlle o que expuxen anteriormente en relación co acordo plenario do día 26 de maio de 2017 e punto sexto da orde do día. A maiores dicirlle que cando entrou en vigor a Lei de procedemento administrativo o secretario xa advertiu do establecido nos artigos 132 e 133 desta norma, así como debían interpretarse e aplicarse. Eu persoalmente fíxen unha consulta na Deputación Provincial sobre a aplicación do procedemento de consulta pública á modificación de ordenanzas e regulamentos, contestándose que non lle era de aplicación á modificación. Resposta que coincide co informe da Dirección General de Tributos do Ministerio de Facenda. Cuarto: obxecto da modificación, necesidade de establecer novas zonas de pago por aparcas, finalidade recadatoria da ordenanza, alternativa a residentes que carecen de prazas de garaxe. Estas cuestións creo xa lle foron expostas e aclaradas nas explicacións dadas con anterioridade. Quinto: sinalización horizontal nos espazos ORA. Tendo en conta a normativa de tráfico reguladora de marcas viais, así como o informe da Xefatura Provincial de Tráfico non é posible diferenciar os espazos ORA cunha marca vial distinta da azul. As marcas viais que se empregan noutros concellos distinta da azul claramente son ilegais, coas consecuencias que iso pode supor



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

nos expedientes sancionadores por infracción da normativa de tráfico. Tendo en conta todo o sinalado na miña intervención, xunto co informe do secretario do concello, propónse a desestimación das alegacións presentadas pola Sra. Martínez Candal e a Sra. Gómez Rosende, procedendo aprobar definitivamente a modificación da ordenanza de ordenación e regulación do aparcamento ORA. Este grupo de goberno vai a votar a favor da desestimación das mesmas e a favor da aprobación definitiva da modificación da ordenanza.

Polo Sr. Alcalde ábrese una segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que xa dixo que alegou como veciña, non como concelleira. Na pertinente comisión informativa que se fixo no seu día propuxo deixar establecida unha zona para residentes ou como estaba agora mesmo onde se aparca nas dúas marxes. Non está en contra de modificar a ordenanza, pero parécelle que se pode facer doutro xeito, xa llo dixo dende o principio, non poden dicir que ven agora cunha novidade. O que pasa é que o Sr. Alcalde empeinou se dende o día da comisión en non debater a súa proposta. Trátase dunha decisión política e non de técnicos, por que parece que en vez de gobernar vostede gobernan os técnicos. Vai dicir o que vai pasar, na zona de aparcamento de rúa Nova estará baleira e isto favorecerá que outras rúas sen espazo de aparcamento regulado se vexan desbordadas, acabaremos tendo o mesmo problema que se tiña ata o de agora. Non vai a chorar Sr. Alcalde, sabe por que, por que ela e estes cen veciños estarán aquí para recordarlle cada día esta trapallada. Non vai a votar en contra de nada que beneficie aos veciños de Ordes aínda que non se fixese a pertinente pregunta na páxina web, trátase de facer as cousas con sentido común. Non sabe a que ven mesturar a súa familia coa ORA, quere dicir que non teñen dereito a asinar, non son veciños como todos. Xa dixo antes que todos os veciños teñen dereito a alegar, vivan ou non nesas rúas, so se está a ter en conta aos que viven nesas rúas. Non cree que a Sra. García Gómez deba falar nada da súa familia, ela non fala da súa, algún membro da súa familia conta con postos de traballo a dedo de máis de cincuenta mil euros ao ano, de iso non fala por que non lle convén, ven aquí vostede de santa e hai que predicar co exemplo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se reafirman no dito. Dixo antes a voceira do goberno que formulara unha proposta alternativa a Sra. Martínez Candal. Eles xa a teñen feito, e non so neste mandato, noutros mandatos con outro goberno, non foi posible, agora no mandato actual tampouco foi posible. A súa proposta é converter todo en ORA azul gratuítas, derogación da ordenanza fiscal por que non sería necesaria e establecer unha bonificación do 95 % para aquelas parcelas que sexan cedidas para ser convertidas en leira parkings polo seu interese social. Estas son as propostas do BNG para mellorar a circulación e os problemas de estacionamento na vila, que é unha alternativa que comparte a filosofía con AcOrdes pero con outro sistema que era máis acorde co que sempre defenderon. Non é posible, son tres concelleiros de dezasete, agarda que cando sexas as próximas eleccións poidan mudar esta situación.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que se reafirman no mesmo, creen que a zona azul de ORA debe ser gratuítas en todas as rúas, e tamén que exista zona de residentes, é un servizo para o pobo que non ten tanto custe. A maioría dos servizos do concello son deficitarios, piscina descuberta, reparación de xardíns, pero melloran a calidade de vida dos cidadáns. Isto é o que propoñen e que recollían na emenda que presentaron.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Solicita intervir por alusións a Sra. García Gómez, que sinala que é certo que algún membro da súa familia ten un posto a dedo. Efectivamente é persoal de confianza por que cumpre o perfil, os requisitos de coñecemento, capacidade de traballo e confianza, algo ao que vostede nunca poderá acceder.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a maiores de todo o que se acaba de dicir, quere recordar que so conseguiu seis sinaturas de veciños das rúas afectadas pola modificación da ordenanza ORA. Faga todo a análise de todo o que queira. Cree que meteu bastante a pata en algo non que consideraba que ía a gañar moitos adeptos e viuse que o resultado non era o que vostede estimaba. Tivo que recorrer a xente de fora do concello e xente cercana a vostede para conseguir completar cen sinaturas. Caeríalle a cara de vergoña ter actuado así para poder presentar unhas alegacións que non se fundamentan en ningún dos puntos coa que presentou vostede. Están no seu dereito de analizar todas esas alegacións para ver se os dereitos que alegaban eran certos. Viuse claramente que vostede e demostrouse coas cifras e datos que non era así. Está claro que o BNG trae aquí moitas propostas, que en moitos casos teñen informes contrarios, o día que gobernen, no futuro ao mellor teñen a posibilidade, fagan o que consideren. O que si lles indica é que procuren cumprir cos informes dos técnicos. Se os informes dos técnicos son contrarios recomendaríalle non tirar por esa liña. De momento considera oportuno rexerse polos criterios dos técnicos municipais cos que traballa e de inicio considera que se debe fiar do seu criterio, ir en contra do seu criterio o único que lle pode traer é consecuencias negativas. Están moi ben as súas propostas, pero sen informe favorable non van a tirar para adiante. Dende o punto de vista do sentido común pode estar de acordo con vostedes, vemos cores vermellas, laranxas, verdes, pero o informe de intervención dende o primeiro momento dixo que ía en contra da normativa, o informe da Dirección Xeral de Tráfico manifestou o mesmo. Non van a cambiar ese criterio, como a D e T son meros indicadores posiblemente non leven eses cores, como si non se poñen. Tratarán de centrarse na sinalización vertical e ver que funcione da mellora maneira posible. En relación coa proposta de UxO, lamentablemente seguimos igual que sempre, por que non o fixeron durante oito anos, acórdalles agora, non trouxeron un argumento sólido durante aquel pleno e o fan agora para dicir por que non o fixeron durante oito anos. Cambia a maneira de traballar de cando se está dese lado de cando se está aquí. Nos no anterior mandato cando xa había propostas nesa liña nunca estivemos a favor, principalmente por un motivo que se argumentou e que defenderon moitos compañeiros naquel pleno, hai dous postos de traballo en xogo en non vamos a xogar con eles.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dez votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), co voto en contra (Sra. Martínez Candal), e coas abstencións (3 grupo político BNG) sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Desestimar a alegación Presentada por D^a Beatriz Martínez Candal e D^a. Paula Gómez Rosende, contra o expediente de modificación ordenanza ORA aprobado inicialmente polo pleno do concello, de data 05/12/2017, procedendo de conformidade co establecido no art. 49.c da LBRL a súa aprobación definitiva.

Solicita intervir o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, para matizar que houbo un erro na votación e a súa intención era votar en contra.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

PUNTO QUINTO: APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE ORDES NO NÚCLEO DE REBOREDO.

Expediente de aprobación provisional da modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento municipal no núcleo de Reboredo.

Visto que durante o trámite información pública DOG nº 208, de data 02/11/2016, El Correo Gallego, de data 14/10/2016, non se presentaron alegacións.

Visto o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 30/05/2017, expdte. PTU AC 16 065.

Visto o escrito, de data 28/11/2017, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Cambio Climático de innecesariedade de formulación de declaración ambiental estratéxica, art. 60.11 Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

Visto o informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da modificación coa lexislación vixente.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras e Tráfico.

Visto o disposto no art. 60.13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que cando xa se tratou este punto non anterior pleno votaron en contra. Argumentaron que non era unha cuestión persoal, nin están en contra da modificacións dos plans. Non entenden que se pretenda suprimir un espazo destinado a un vial público e que quede así a cousa. Non intentar formular unha proposta alternativa que sexa boa para toda a veciñanza do núcleo de Reboredo e incluso para os propios propietarios da parcela por que na zona na que se encontra a parcela afectada os viais que ten arredor son estreitos. Houbera sido mellor formular unha alternativa destinando o vial que se elimina a cesión contra os viais existentes que son moi estreitos, co que melloraría a accesibilidade de todo o núcleo e xustificariáse o interese xeral que ten esta modificación puntual, por que a modificación dese interese é bastante escasa. Non é o mesmo ceder no momento da construción catro metros, pero desprazando esa cesión de terreos cara o vial existente gañábanse seis metros deixando un vial decente. Isto depende dos criterios de cada quen. Argumentaron o seu voto en contra pola perda dunha oportunidade para mellorar os viais naquela zona.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que esta claro que o que no seu día por un erro se incluíu como un vial que atravesaba totalmente unha parcela, esa cesión converteríase nun vial de dez metros, segue a manter o criterio de que despois coas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

aliñacións contempladas nas normas subsidiarias non é necesario. Trátase de resolver unha situación puntual de algo que non se tivo en conta na súa aprobación inicial.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría absoluta de dez votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), tres votos en contra (grupo político BNG), e coas abstencións (Sra. Martínez Candal) sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento municipal no núcleo de Reboredo.

2.- Dar traslado do expediente á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a efectos da súa aprobación definitiva.

PUNTO SEXTO: APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS PARA ADHESIÓN INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”.

Expediente de modificación ordenanzas fiscais para adhesión iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

Vista a cláusula 2ª do protocolo de actuación, de data 10/10/2017, para establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia.

Visto o ditame favorable da Comisión de Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vázquez Raña, concelleiro non adscrito, que sinala que xa dixeron na Comisión Informativa que ían estar a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que xa leva votando a favor disto dende sempre, non como di a Sra. García Gómez. Xa dixo no seu día que se esixía un nivel de burocracia moi alta ás empresas, parece ser que isto que traen agora aquí me está a dar a razón. Vou a votar a favor para que despois podades seguir a dicir que está a entorpecer a labor de goberno.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que con respecto ao informe do interventor queren facer unha serie de apreciacións. Que o informe do interventor se recibiu hoxe 2 de marzo ás dúas da tarde despois de requirilo o día 27 de febreiro na Comisión Informativa, que xa foi solicitado no anterior pleno cando se tratou a adhesión a esta iniciativa. Levamos esperando por el bastante tempo. O BNG xa solicitou a modificación da ordenanza do ICIO cunha proposta semellante e baseada nos mesmos principios, pero resulta que o voceiro municipal deste grupo foi chamado a unha reunión na que o interventor poñía unha serie de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

reparos á hora de tramitar dita modificación condicionado a aprobación da mesma á existencia dun aval que garantise o cumprimento das condicións da bonificación. Agora resulta que o que antes non valía hoxe é válido. Non son necesarios avais. É posible o texto do BNG. Non entenden esta volatilidade dos técnicos que non deberían extralimitarse das súas funcións e inmiscuírse en cuestións políticas. A Xunta de Galicia esixe que os concellos resolvan no prazo dun mes os seus expedientes, parécelles ben, pero a ver cando a Xunta toma nota do que predica e por exemplo en Augas de Galicia en lugar de esperar pola tramitación dun expediente seis, oito meses ou un ano tamén resolven nun mes. O mesmo en Patrimonio, Estradas ou na tramitación dun PXOM. Para fomentar a competitividade está moi ben pero o que se debe facer é mellorar os accesos ás infraestruturas dos polígonos industriais, ofrecérlles servizos de calidade. A concesión dos obradoiros de emprego esta suxeita a un criterio de discriminación positiva para forzar aos concellos a adherirse a esta iniciativa. O interese dos concellos para a concesión de obradoiros de emprego é o arranxo de escolas unitarias, xardíns, ...etc., deixando prioridades reais que é a formación en actividades que teñan unha saída laboral relevante. Houbo un estudo no ano 2016 da Consellería de Emprego que na Comarca de Ordes establecía os vinte grupos ocupacionais con mellores perspectivas laborais con tres grupos en atención ao seu grado de ocupación, en ningún destes grupos figuran albaneis ou xardineiros. Entendemos que estes obradoiros de emprego están mal enfocados de cara á actividade formativa.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que todo o que sexa rebaixa de empresas e facilidades para as nosas empresas van a estar a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), e coas abstencións (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 12 da ordenanza fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

2.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4 da ordenanza fiscal nº 2, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

3.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8 da ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

4.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

5.- Rematado o período de información pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

PUNTO SÉTIMO: SOLICITUDE, SE PROCEDE, MINISTERIO DE ENERGÍA, TURISMO Y AGENDA DIGITAL SUBVENCIÓN A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBÓN NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMENTO SOSTIBLE 2014-2020 (R.D. 616/2017, DE 16 DE XUÑO) (BOE Nº 144, DE DATA 17/06/2017).

A efectos do establecido no art. 82.3 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro e art. 27.3 do Regulamento Orgánico Municipal o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, ratifica a inclusión deste asunto na orde do día

Publicado o R. D. 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixo en carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE nº 144, de data 17/06/2017).

Logo de ver o disposto nos arts. 5, 6 e 7 do R.D. 616/2017, de 16 de xuño.

Logo de ver as medidas singulares que pode adoptar este Concello para o aforro e eficiencia enerxética que contribúan ao desenvolvemento económico deste municipio, así como ao cumprimento dos obxectivos fixados no POCS.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vázquez Raña , concelleiro non adscrito, que sinala que todo o que sexa solicitar subvención para a mellora da eficiencia enerxética estarán de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que pide que en todas as convocatorias se teña en conta as aportacións de todos os concelleiros. Entende que nesta ocasión houbo un erro. Para non entorpecer vai a votar a favor.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que é unha medida positiva todo o que sexa incidir na mellora da eficiencia enerxética de calquera instalación do concello. Gustaríalles apuntar unha serie de cuestións sobre as que vota luz esta memoria sobre o alumeadado público do concello. Parécelles preocupante que se recolla que o 66% dos cadros de alumeadado público presenten un estado malo ou regular. Que o 71% das lámparas sexan de vapor de mercurio, unha tecnoloxía claramente ineficiente cuxa venda está prohibida dende o ano 2015. Preocúpalles moito saber que o 71% dos alumeadados públicos carecen de protección diferencial. Aproveitan a ocasión para pedirlle ao goberno municipal a que comece a facer actuacións neste sentido. Mostran o apoio a esta iniciativa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que todo o que sexa solicitar subvencións estarán de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todas as situacións descritas nos alumeados son certas. No seu día optouse por facer unha auditoría que amosase eses resultados. Está claro que hai moitas cousas que arranxar, que valorar. No seu día fíxose a tramitación de acordo ao Real Decreto, en ningún sitio se indicaba que tiña que haber un acordo plenario, non entende que houbera un erro, pensa que non somos o único concello.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado no R.D. 616/2017, de 16 de xuño.

2.- Aprobada memoria descritiva das actuacións a acometer e que conforman os proxectos singulares susceptibles das subvención reguladas polo R.D. 616/2017, de 16 de xuño.

- Mellora da Eficiencia Enerxética en climatización piscina climatizada comarcal Iván Raña Fuentes, cun orzamento de 127.819,27 euros.

- Actuacións de aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Ordes, cun orzamento de 136.677,97 euros.

3.- Solicitar do Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) a concesión ao abeiro do establecido no R.D. 616/2017, de 16 de xuño, unha subvención para os proxectos singulares de economía baixa e carbono, polos importes seguintes:

- Medida 1. Mellora da Eficiencia Enerxética en climatización piscina climatizada comarcal Iván Raña Fuentes: 102.255,42 euros.

- Medida 6. Actuacións de aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Ordes: 109.342,38 euros.

4.- Aprobar a dotación presupostaria por importe de 127.819,27. necesaria para levar a cabo as actuacións que compoñen os proxectos singulares subvencionables ao abeiro do establecido no R.D 616/2017, de 6 de xuño. Aprobación presupostaria que estará condicionada á obtención de cofinanciación FEDER para levalas a cabo.

PUNTO OITAVO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2.018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO NOVENO: MOCIÓNS

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“No pasado pleno ordinario de marzo de 2016, aprobouse no pleno unha moción presentada polo Partido Popular onde no punto quinto dos acordos recollíase o seguinte: "Establecer para o ano 2017 e posteriores no termo municipal de Ordes o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico, incluíndo así mesmo as compatibilidades na exención que permita a lei dentro do solo cualificado como de núcleo rural para tódalas edificacións destinadas exclusivamente a un uso con actividade vinculado a explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais”.

Resulta que logo de dous case dous anos desde a aprobación deste acordo, nin no ano 2017 nin nos posteriores se aplicou tal bonificación a veciñanza, a pesares de que o alcalde ten a competencia de instruír o expediente para modificar a ordenanza fiscal nº1, reguladora do imposto sobre bens inmobles, e a pesares que foi o propio Partido Popular, que está a gobernar este concello, quen presentou a moción na que se recollía o mencionado acordo, entre outros.

Mentres numerosos concellos están a aplicar esta bonificación sen ningún tipo de problema (Frades, Mesía, Cerceda, Betanzos, Arteixo, Teo, Carballo, San Sadurniño, Ames ...) a veciñanza de Ordes segue sen poder acceder á mesma.

Por todo o exposto, demóstrase que en marzo de 2016, o PP tirou unha cortina de fume e enganou á veciñanza prometendo unha bonificación que logo non lle interesa aplicar, tal e como se demostrou logo de dous anos.

É polo que desde o BNG de Ordes nos vemos na obriga de presentar a presente moción para coa nosa labor de oposición, facer presión ao alcalde e aplicar esta necesaria bonificación ás construcións das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais de Ordes, propoñendo ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

1.- Incluír na modificación da ordenanza Fiscal nº1, reguladora do imposto sobre bens inmobles tratada no pleno de hoxe, a modificación do novo apartado 6 do artigo 12 que figura na proposta da alcaldía que pasa a ter a seguinte redacción:

"6. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, durante 3 períodos impositivos, aqueles inmobles nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 30 por cento da cota íntegra do imposto, durante 3 períodos impositivos.

No suposto que nun mesmo inmovible se desenvolva unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Para poder aplicar esta bonificación a construción cuxa existencia motiva a súa solicitude, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asinado un valor catastral económico.

Para tramitar a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o recoñecemento da bonificación requirirase:

- Solicitude previa de declaración de especial interese ou utilidade municipal e recoñecemento da bonificación formulada polo suxeito pasivo á que xunte informe ou memoria xustificativa das circunstancias que motivan o especial interese ou utilidade municipal, que en todo caso se referirán a circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.
- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.
- Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade ou título habilitante que resulte esixible.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros. Unha vez se teña acordado a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, remitirase ao órgano



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

competente para que acorde o recoñecemento da bonificación nos porcentaxes fixados segundo corresponda.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

A resolución da bonificación terá efectos para o período impositivo seguinte ao de solicitude da declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego e de recoñecemento da bonificación."

2.- O apartado 6 do artigo 12 que figura na proposta da alcaldía tratada no pleno de hoxe pasa a ser apartado 7".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de catorce votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que dende aprobación da moción presentada polo grupo político PP no pleno de marzo de 2016 nos anos 2017 e 2018 non se realizou esta bonificación por que non se tramitou o correspondente de modificación. Mentres numerosos concellos están a aplicar esta bonificación sen problemas, os veciños de Ordes seguen sen poder acceder á mesma, o que demostra que en marzo de 2016 o PP prometeu unha cortiña de fume aos veciños aprobando unha bonificación que logo non lle interesa aplicar como se demostrou ao longo destes dous anos. O que intentan é que se leve a cabo esta modificación e poder aplicar esta bonificación. Todos os grupos teñen a nova proposta, a redacción que se propón é a que se está a aplicar no Concello de Ames.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que sempre vai a estar a favor da baixada de impostos polo que vai a votar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que disto xa teñen falado moito, dende o ano 2013 no que o Sr. Pedreira Mirás trouxo unha moción que o PP rexeitou. Daquela xa había unha consulta feita á Dirección Xeral do Catastro e o interventor informou desfavorablemente e non se adoptou o acordo. Non son vostedes os primeiros que traen isto. É certo que no seu día dentro dun grupo de medidas propuxeron esta bonificación. Á semana seguinte do acordo plenario reunímonos co Xerente do Catastro e vimos a dificultade da súa aplicación nun termo municipal como o noso polo feito do carácter discriminatorio duns concellos con respecto aos outros. Na



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

exposición de motivos fálase de varios concellos que teñen esta bonificación cando os Concellos de Mesía, Cerceda, Teo, Carballo e San Sadurniño unicamente recollen a xeral establecida pola lei para as cooperativas. Non van a aprobar unha modificación que sexa discriminatoria. Non é capaz de entender que se plantexe unha bonificación dunha vivenda nun 30% cando non se está a ter en conta a valoración obxectiva dos inmobles que están incluídos dentro dunha mesma referencia catastral. Isto é totalmente arbitrario e inxusto. O seu ofrecemento é deixalo sobre a mesa, facer a consulta correspondente á Dirección Xeral de Tributos e se hai unha posibilidade para que todas e cada unha das nosas explotacións co código BIC de todo o noso termo municipal se les poida aplicar unha bonificación adiante. Forma parte do seu compromiso electoral. Pero non poden aprobar esta modificación se os informes son desfavorables e a Dirección Xeral do Catastro non nos garante a súa execución e pola contra tampouco a Deputación Provincial. Fai referencia na súa moción a concellos que para nada teñen a singularidade de Ordes. Podemos encontrar parroquias nas que ao mellor un único veciño se pode acoller. Isto non o comparten e non o poden votar de maneira favorable.

Polo Sr. Alcalde ábrese una segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o informe do interventor recolle unha consulta de El Derecho que trata unha cuestión semellante. A pregunta que se nos presenta é que o concello pretende bonificar os recibos IBI rústico que inclúan naves agrícolas ou gandeiras segundo o art. 72 quáter da lei de facendas locais. Non é o mesmo que se formule a pregunta dunha maneira ou doutra. Non é o mesmo preguntar se unha nave agrícola ou gandeira se pode acoller á bonificación que dicir que unha nave indispensable para a actividade agrícola, gandeira ou forestal polo seu interese social se pode acoller a esa bonificación. Non é unha cuestión que traíamos para facer unha ilegalidade, esta demostrado que baseándose no interese social se pode aplicar esta bonificación. Este concello na ordenanza reguladora do ICIO se aplica esta mesma bonificacións.

Intervén o Sr. Alcalde, que pide que lle permita facer unha matización. A bonificación establecida no ICIO é para todas as explotacións agrogandeiras.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que no ICIO por declararse de interese social as obras de construción, ampliación, reforma ou conservación das explotacións agrogandeiras no termo municipal de Ordes establécese unha bonificación do 75% da cota. Polo que se pode aplicar. Non se está a propor nada ilegal. Esta redacción foi proposta por este voceiro municipal o 25 de setembro de 2013. Foi votada en abstención polo PP. Non xerando ningún tipo de problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que pide que lle permita facer outra matización. Non dixo que fose ilegal, si que era arbitraria.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que esta mesma bonificación se está a aplicar en concellos como Arteixo, Cabanas, Frades, Coristanco, Fene, Lousame, Malpica de Bergantiños, Miño, Monfero, As Pontes de García Rodríguez, Teo, Vimianzo. Coa redacción que propoñemos hoxe A Baña, Melide, Muxía, Irixoa, Oza-Cesuras, Touro, Vedra e Vilasantar. É unha bonificación que si que se pode aplicar, outra cousa é a vontade política que exista ou non. Este grupo a ten e leva varios anos intentando aplicala. Que se bonifican vivendas, é certo, peor sería aplicar unha bonificación do 95% onde existan vivendas. Existe este problema por que o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

Catastro no diferenza os códigos, vindo todo no mesmo recibo. Por iso se propón que nos lugares onde existan construcións diferentes, non so vivendas, nestes casos en lugar dunha bonificación do 50 %, propoñen unha inferior do 30%. Non é algo ilegal, hai que ter vontade de aplicalo.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que entenden que se non hai forma de diferenciar as construcións dunha explotación agrogandeira estase a cometer unha inxustiza social, as vivendas non poden entrar. Van a votar en contra da moción.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que do que se trata é de favorecer a vida no rural.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que esta é unha proposta interesante. Chegounos o informe de intervención no día de hoxe, así como a modificación do texto da moción. Teñen que estudalo e analízalo, optando polo de agora pola abstención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a regulación desta bonificación no ICIO se informa a todas as persoas que solicitan unha licenza urbanística. O interventor no seu informe sinala que non habería problema en aplicar a bonificación aos bens inmobles nos que exclusivamente se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, pero non así no caso de que na mesma parcela catastral exista outra construción por mínima que sexa non dedicada a ditas actividades. Coinciden integramente con isto. Isto suporía en moitos casos unha discriminación pois unha mesma construción gozaría de bonificación segundo estivese illada ou nunha parcela catastral atentando contra o principio tributario de igualdade. Vostede inclúe na súa proposta unha bonificación do 30% pero segue a ser arbitraria por que non se está a analizar cal é a base liquidable de maneira individual de cada un deses bens inmobles. A única maneira viable e lóxica dunha bonificación do IBI para as explotacións agrogandeiras co código BIC é que o Catastro teña a posibilidade de bonificar ese recibo no 95%.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que anteriormente aprobouse unha modificación da ordenanza fiscal para aplicar unha bonificación do 95% do IBI nas instalacións industriais. Non lle vale que se diga que se bonifican as vivendas cando hai naves, e a normativa o permite, cunha vivenda na súa pranta alta. Agora non o queren facer. Reiteran que é unha cuestión política.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que iso non é certo. Na bonificación do IBI, IAE e ICIO o que se bonifica é o valor catastral resultante no porcentaxe de construción para a actividade. Se hai unha vivenda non vai a ser bonificable por que non cumpre os requisitos. Calquera actividade agrogandeira poderá verse bonificada a través da iniciativa Doing Business.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos en contra (5 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), catro votos a favor (3 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal), e coas abstencións (2 grupo político UxO), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A pesares de levar varios anos denunciando a situación de altas temperaturas que se rexistran nas aulas do IES Maruxa Mallo, a problemática segue existindo sen que se presenten solucións a dito problema.

En días solleiros, as temperaturas poden chegar a acadar os 40° C no interior, o cal deriva nun descenso considerable da comodidade e seguridade do alumnado e do profesorado, coas consecuencias que esta situación pode xerar.

Obviamente as causas proceden dun mal deseño ou unha mala execución dun edificio bastante recente, e no cal é preciso que a xefatura territorial de educación, da consellería de cultura, educación e ordenación universitaria da Xunta de Galicia, mude a súa postura e decida dunha vez solucionar o problema, formulando propostas concretas e con datas de execución, de cara a cando menos, comezar o vindeiro curso escolar sen esta problemática.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O pleno do concello de Ordes insta á xefatura territorial de educación da consellería de cultura, educación e ordenación universitaria da Xunta de Galicia, a tomar as medidas precisas para solucionar de cara ao curso 2018-2019, os problemas de altas temperaturas que se rexistran os días solleiros no interior das aulas do IES Maruxa Mallo de Ordes”.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que pide antes de votar a urxencia que se converta a moción nun rogo, posto que trasladado o problema ao IES MARUXA MALLO queren que se lea ante esta Corporación un escrito en relación coa súa moción. En caso contrario votarán en contra da urxencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que van a manter a moción co seu contido, pola Concelleira delegada de Educación pode ler o escrito.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de oito votos en contra (5 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), seis votos a favor (3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Seguidamente, intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que procede a dar lectura ao escrito remitido polo IES Maruxa Mallo, que di:

“Informados pola Concelleira de Educación do Concello de Ordes da moción do Bloque Nacionalista Galego de Ordes do 28 de febreiro de 2018, na que se lle propón ao Pleno da Corporación Municipal un acordo para instar á Xefatura Territorial de Educación á adopción de medidas precisas para solucionar un problema de altas temperaturas no IES Maruxa Mallo, esta



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

Dirección manifesta o seguinte: 1. Agradecemos o interese do Bloque Nacionalista Galego polo problema descrito na súa moción e valoramos e apreciamos a súa vontade de colaboración e axuda ao IES Maruxa Mallo e ao seu alumnado. En todo caso, debemos manifestar que preferimos sempre que calquera iniciativa que se promova en relación ao IES Maruxa Mallo conte con información directa proporcionada polo IES Maruxa Mallo e que sexa tamén coñecida polos órganos de goberno IES Maruxa Mallo. As portas do IES Maruxa Mallo están sempre abertas para calquera persoa ou organización, e temos a vocación clara de informar e o desexo de ser informados. 2. O IES Maruxa Mallo non mantivo ningún contacto con ningún grupo político ao respecto do problema descrito na moción. Sempre que os órganos de goberno do IES Maruxa Mallo decidan transmitir determinada información a un partido político esa información transmitirase simultaneamente e en igualdade de condicións a todos os partidos políticos para garantir así a imparcialidade e a igualdade de trato. 3. Con data do 19 de xullo de 2017, esta Dirección solicitou por escrito a intervención da Unidade Técnica da Xefatura Territorial de Educación de A Coruña para solucionar o problema da temperatura. Esta intervención xa se solicitara en varias ocasións ao longo dos últimos anos. Ademais, abordouse este asunto en varias conversas telefónicas coa Unidade Técnica e co Servizo de Obras e Equipamentos. De ditas xestións deuse conta no Consello Escolar do IES Maruxa Mallo e no Consello Escolar Municipal. O Consello Escolar Municipal, en reunión do 10 de outubro de 2017, acordou instar á Xefatura Territorial a realizar as intervencións necesarias a fin de solucionar o problema. Nesta xestións contamos sempre coa colaboración da Concelleira de Educación do Concello de Ordes. 4. No antedito escrito considerabamos que as causas desas elevadas temperaturas debíanse a que as aulas están na ala leste do edificio, co cal reciben directamente a luz do sol durante toda a xornada lectiva. 5. Nese mesmo escrito lembrabamos que a lexislación pola que se regulan as condicións de temperatura en locais de uso administrativo, comercial e de pública concorrencia, establece que a temperatura nos locais de traballo debe estar entre os 17 e 27 graos para traballos sedentarios e de entre 14 e 25 graos para traballos lixeiros (Real Decreto 486/1997 do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, e o Real Decreto 1826/2009, de 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios, aprobado polo Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo). 6. O día 8 de febreiro de 2018 visitaron o IES Maruxa Mallo o Xefe da Unidade Técnica da Xefatura Territorial e o Xefe do Servizo de Obras e Equipamento da Consellería comprobaron de primeira man o problema: visitaron as aulas, faláron co alumnado e inspeccionaron a parte exterior do edificio. Manifestáronnos verbalmente que unha posible solución é a colocación duns paneis exteriores que filtren ou dificulten a incidencia do sol. Amosáronnos fotografías de solucións semellantes aplicadas noutros edificios. Afirmaron que estudarán esa posible solución e que estudarán a dispoñibilidade económica para implementala. 7. Nesa mesma visita, expuxemos o problema dunhas bolsas de auga acumuladas na cuberta superior dunha zona do edificio. O Xefe da Unidade Técnica e o Xefe do Servizo de Obras e Equipamentos consideraron que se trata un problema de solución técnica sinxela. Entre o día da visita e o día de hoxe, mantivemos varias conversas co Xefe da Unidade Técnica ao respecto. Nun correo do domingo 18 de febreiro, o Xefe da Unidade Técnica confírmanos que se puxo en contacto cunha empresa especialista, e que un técnico desta empresa visitará o centro. Xustamente hoxe 2 de marzo, dito técnico visitou o instituto para facer unha avaliación da situación e propoñerlle unha solución. 8. Esta Dirección considera que acadar unha solución ao problema da temperatura é unha tarefa da máxima importancia. Queremos pois que a Unidade Técnica da Xefatura Territorial axilice o máximo posible a súa intervención, e que os pequenos pasos dados ata agora se transformen en accións concretas. Queremos as mellores condicións para que o noso alumnado, que xa destaca



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

polo seu desempeño académico, polos proxectos nos que se involucra e polo seu bo nivel de convivencia, poida seguir aprendendo e convivindo cada vez máis e mellor”.

PUNTO DÉCIMO: ROGOS E PREGUNTAS

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula o rogo que se transcribe a continuación:

- Ante o anuncio do novo Presidente da empresa Gas Natural Fenosa, de retrasar a publicación do Plan Estratéxico 2018-2020 da compañía ao mes de xuño, confío en que se abra unha nova oportunidade con tempo suficiente para que o Concello mova ficha de unha vez por todas, e cumpra co acordo plenario do pasado 5 de maio de 2017, no que se comprometía a recoller as firmas para apoiar así que non se peche a Central Térmica de Meirama.

Non debería facer falta recordarlle que esta instalación é vital para o emprego de moitos veciños, que traballan ou ben como empregados ou ben a través de empresas contratistas que prestan servizos nesta planta.

É por todo isto polo que formulo o seguinte rogo ao Señor Alcalde:

Faga o traslado ao presidente da Xunta para que interceda ante o Presidente da Compañía enerxética a realizar as inversións necesarias que fagan viable a continuidade da vida útil da central térmica e con elo garantir así os postos de traballo.

Proceda de unha vez por todas a recollida de sinaturas como se acordou no pleno do día 5 de maio de 2017.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos que se transcriben a continuación:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 34

- A rúa Nova dispón de sentido único de circulación dada a súa escasa anchura. Compre lembrar que se trata dunha rúa na que existen comercios que precisan repoñer produtos cos que comercian de xeito frecuente, o que en determinadas ocasións chega a provocar o corte temporal da circulación na rúa coas molestias que esa situación ocasiona.

Previamente á delimitación das prazas de estacionamento dende o BNG consideran que o Alcalde debería convocar aos comerciantes da zona a unha reunión para estudar a necesidade de dispor de zonas de carga e descarga acoutadas temporalmente para que no resto do día sigan servindo como zonas de estacionamento corrente, incluso tamén sería convinte nesa reunión estudar a posición desas zonas.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Que se convoque a unha reunión aos comerciantes de rúa Nova para estudar a posible implantación de zonas de carga e descarga así como a posición das mesmas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nesa rúa xa había zonas de carga e descarga, non é necesaria unha implantación nova, existen reservas de espazo exclusivas para determinados negocios que se van a manter. A policía local é a que busca as novas ubicacións, a anterior non é axeitada, xa se falou co comercio afectado, xa hai unha proposta da policía local. Tamén se creará unha praza para persoas con mobilidade reducida.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é certo que en determinadas horas da mañá nesa rúa se producen cortes pola descarga dun camión, por iso ven interesante esa convocatoria de reunión cos comerciantes.

- Na rúa República Arxentina, as conducións de augas pluviais atópanse completamente atascadas, tal e como se pode apreciar nas imaxes que se acompañan.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda a desatascar ditos condutos.

No caso de que os atascos fosen provocados polas obras executadas recentemente na rúa Nova, reclamarlle á empresa que executou as obras os custes das operacións de desatascado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a limpeza xa esta feita. Non consideran que fose polas obras, xa estaban en bastante mal estado. Comentóuselle á empresa contratista e foron eles mesmos os que as limparon no día de onte.

- No pleno ordinario do mes de xaneiro, debateuse unha moción do BNG de Ordes onde propoñiamos o rescate da concesión da xestión da residencia municipal de maiores de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 35

Ordes de cara a acadar unha xestión pública da mesma, ben municipalizándoa ou ben integrándoa no consorcio galego de servizos de igualdade e benestar.

A proposta viña motivada pola problemática existente na residencia, perante á insuficiencia de persoal, baixas e vacacións do mesmo sen cubrir ...

A moción ficou rexeitada, apuntándose desde o goberno que ían comezar a fiscalizar o cumprimento do contrato por parte da empresa.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos informe sobre que medidas se adoptaron para solucionar a problemática existente na residencia municipal de maiores de Ordes.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que se revisaron todos os problemas que indicaron. Informa que hai 48 residentes, 30 dependentes, 18 válidos, fíxose a revisión en xaneiro. De acordo coa normativa a ratio de persoal debería ser 14-10, na actualidade é de 14-60, media xornada por riba da ratio legal. A última inspección da Área de Servizos Sociais da Xunta de Galicia para comprobar o resultado destas ratios pechouse con resultados positivos. Estanse a substituír a totalidade das ausencias de persoal por enfermidade, permisos retribuídos e días de libre disposición. Estase a reorganizar o traballo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se falou dun plan de reorganización de tarefas, de que se ía esixir o cumprimento do contrato. Espera que non quede todo en auga de borrallas.

Intervén a Sra. García Gómez, que a empresa vai informando das actuacións, cando estea rematada a inspección e reorganización serán debidamente informados.

- Nas obras de acondicionamento da estrada que une o Casal coa AC-524 pasando pola Porpalla, na parroquia de Vilamaior, semella que segundo a zona, existiron disparidade de criterios á hora de determinar canto se invadía ou afectaba nas parcelas de cara a efectuar o sobreancho do viario e o perfilado das gabias ou cunetas. Mentres que nalgúns parcelas escaváronse e achazáronse peches de predios, noutras próximas e de semellantes características non se efectuaron tales actuacións.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos informe sobre cales foron os motivos para esa disparidade de criterios”.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que partir de que se converteu unha via de 3,50-3,70 m en 5,00 m, houbo que negociar cos propietarios dos terreos. Despois foi cuestión de cada veciño retirar os peches vexetais, houbo quen decidiu facelo, quen permitiu abrir máis as cunetas, quen executou as entradas. Disparidade non hai ningunha, hai tres puntos localizados onde non se conseguiu que se conseguise que se retirase o arbolado como nos houbera gustado, treitos que son de 50-60 m.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 36

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que era un vial no que había que actuar, pero o que trasladan aquí é o malestar que xerou nos veciños da zona que viron como nunhas parcelas se interveu máis que noutras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non coincide co que acaba de dicir.

- Este grupo municipal ten amosado en reiteradas ocasións a súa preocupación polo nulo cumprimento das distancias das plantacións forestais a vías e núcleos de poboación. Inicialmente conseguiuase que o goberno municipal emitise un bando informativo, pero cando pedimos que se fose un pasiño mais adiante e se velase polo cumprimento desas distancias, o alcalde sempre contestou que non eran competencias municipais.

Recentemente na parroquia de Vilamaior, pola estrada que comunica Olas co Peñasco, efectuáronse cortas de arborado que non cumpría as distancias á vía de circulación, logo de que a Policía Municipal visitase a veciños e veciñas da parroquia un domingo pola mañá, dando un prazo de 10 días para a corta das árbores, e que serían sancionados/-as en caso de incumprimento do prazo.

Con isto demóstrase que si existen mecanismo para que desde o concello se vele polo cumprimento das distancias que deben respectar as plantacións ás vías e núcleos de poboación.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se aplique a mesma vara de medir a toda a veciñanza do concello e que o alcalde abandone definitivamente a inactividade con respecto a esta problemática.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que inactividade ningunha. Sacouse o bando despois da reunión co distrito 3. Se necesario o volverán a sacar. Non se vai a ningún sitio. Os veciños están informados da normativa, esperan a que lles chegue a denuncia. Neste caso puntual había unha denuncia en todo o tramo dende Olas ata o Peñasco e do Peñasco ata Folgoso. Fixéronse unhas comunicacións individuais que se entregaron aos propietarios recordándolles a obriga onde se di que a competencia para a incoación do expediente sancionador por incumprimento da Lei de Montes de Galicia correspóndelle á Xunta de Galicia e o importe das multas a impor, o Concello antes de dar traslado do informe da policía local para que se incoe o procedemento sancionador concede un prazo de dez días para que se subsane a situación e ter que evitar o pago da sanción. Estase actuando favorecendo aos veciños. Desde aquí se fai un chamamento aos veciños para que adapten as súas plantacións forestais á lei.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que son conscientes de que se entregaron as notificacións. Preguntaron se se notificou a sanción, díxoselles que non. O Concello non debe actuar so en casos puntuais ou con ameaza de denuncia. Pode dar un paseo por calquera vía principal dunha parroquia e comprobar que non se respectan estas distancias, chegando a prantar incluso nas cunetas. Isto no inverno xera problemas de xeo nas pistas, caídas de árbores sobre tendidos con cortes de luz, problemática dos incendios. Ao igual que actuaron en Barbeiros, Vilamaior poden actuar noutras parroquias nas vías principais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 37

- O alcalde mantivo hai escasas datas unha reunión coa veciñanza da parroquia de Vilamaior a respecto da contorna da Igrexa e do cemiterio da parroquia.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos informe sobre o exposto e tratado en dita xuntanza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que houbo dúas. Unha reunión veciñal o 2 de novembro que pediron os veciños e outra en xaneiro na que asistiu co concelleiro Sr. Miras. Existe un convenio co Arcebispado para o uso por trinta anos dun espazo para a execución dun aparcamento, xa se fixo a demolición de edificacións, excepto o hórreo e rehabilitouse o pozo. Para a execución do acondicionamento do aparcadoiro Patrimonio esixe para informar favorablemente a instalación de árbores e mobiliario urbán. Espera que poida estar executado en abril-maio deste ano. Nas obras de acondicionamento do galpón existente entre a Igrexa van a executarse uns baños, a maiores un osario e fosa séptica. Estase a facer unha labor de mediación na parroquia para que se implique cos responsables da ampliación do cemiterio os gastos de execución dos baños, fosa séptica e demais. Estase pendente da decisión da actuación conxunta. Sempre van a contar coa colaboración do concello de acordo co convenio asinado. Os trámites fixéronse de maneira conxunta pola técnico municipal. Nunha das reunións cometeu un erro ao ter tres memorias distintas, equivocouse na cantidade da memoria da actuación dos baños e dixo unha inferior á que realmente supón, dando a cifra do proxecto de demolición das edificacións. Alí xa foron conscientes dos erros, deixouse copia dos proxectos e quedaron de pedir os orzamentos para a actuación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que traer a colación este rogo por que foron informados de que vostede presentara un presuposto de 15.000 euros como se fose dun contratista para executar a obra. Coa súa explicación queda máis tranquilo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na segunda reunión fíxose unha apertura das plicas dos orzamentos pedidos e a baixa ronda un 20% da mellor oferta.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- No paseo Iván Raña, na vía de servicio, existen varias fochancas.

Por tanto, rogamos e solicitamos o señor Alcalde:

Que se revise o estado do firme.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata dunha vía de servizo de Fomento. Comunicarán o seu mal estado.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 38

- Na Rúa Mundito existen problemas coa iluminación.

Por tanto, rogamos e solicitamos o señor Alcalde:

Que se revise o alumado público de esta zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata dunha avaría que xurdiu antonte a raíz de levantar as tapas de afirmado da rúa Nova, tiveron especiais problemas en rúa do Lagartos e parte do Paraíso, e onte en rúa de Mundito e rúa República Arxentina. Hoxe pola maña quedou resolto. Tocouse unha tapa á hora de facer o recrecido. Está resolto dende esta maña, espera que non haxa ningún problema nos vindeiros días. En rúa de Mundito cambiouse a iluminación a led e teñen unha nova iluminación dende fai unhas semanas.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas por todos os grupos políticos e concelleiros non adscritos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a pregunta seguinte:

- Parece que os alumeados de Vilasuso (Beán) e Guindiboo (Montaos) seguen a estar en situación irregular dado que foron cortados ambos subministros na tarde de onte, xa que estaban enganchados directamente á rede de distribución e carecían parece ser de contrato coa subministradora.

Por outro lado, cabe sinalar que este tipo de situacións o abeiro do Art.87 do Real decreto 1955/2000 habilitan a Distribuidora a facturar o equivalente a un ano de consumo da potencia que tería que ter contratada, xa que se trataría de unha fraude recoñecida como tal.

Agás do prexuízo económico para o Concello e tratándose da segunda ocasión na que se producen estes feitos, está tamén o prexuízo para veciños que ven este circo de cortes de alumeados públicos, e ademais vense privados da seguridade que aportan ás luminarias.

E por todo isto polo que formulo as seguintes preguntas ao Señor Alcalde:

¿ É certo que estes alumeados non teñen contrato e por tanto están en situación irregular?.

¿ Que empresa ou que persoa dou orde de conectar os alumeados sen estar estes na legalidade?.

¿ Dende a última vez que se cortou o subministro a estes alumeados o Concello tratou de legalizar a situación solicitando a Distribuidora as actuacións necesarias a levar a acabo para regularizar os alumeados?.

¿ Ten este feito algo que ver coa súa negativa a trasladar aos concelleiros da corporación o informe de auditoría que se levou a cabo?.

¿ Que conclusións sacaron os técnicos que realizaron a auditoría?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 39

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nas súas preguntas hai dous bloques. Ao primeiro xa lle contestei no seu día por unha nota de prensa que sacou vostede. Esta é unha situación herdada que nos estamos regularizando. Temos encomendado este traballo á empresa de mantemento dos alumeados públicos, como noutros puntos onde había farolas a tanto alzado, este non é o caso da Brea ou o tanatorio onde podería haber diferenzas coa subministradora, no feito de que estiveron máis de seis semanas sen alumeadado, pedimos que fixeran a actuación correspondente. O traballador desta empresa que fixo esta actuación cando tivo o cadro, aínda que ata a semana que ven non estará regularizada a parte do contrato deu o servizo como fai de maneira habitual en moitos casos. Resúltalle sorprendente que vostede teña a información antes que nos, que temos que preguntar despois. Non sabe como chega a obter esa información, xa nos explicará algún día se ten a ben. Os boletíns están solicitados. É coñecedora que no seu día herdamos máis de vinte e seis servizos de bombeos e saneamentos que houbo que ir regularizando e que están recepcionados pola empresa. Esta é unha situación anormal que hai que ir solucionando pouco a pouco. Si se demorou a reunión que lle houbera gustado facer no mes de febreiro é por que non temos o compañeiro do PSOE. A empresa que fixo a auditoría estivo reunida con Rofaya, co informático e co concelleiro de mantemento para facer un avance de como vai a funcionar todo o traballo de Gis. Mentres non se manteña a reunión non se lle vai a remitir o informe, ese día entregaráselle directamente o informe e terá a oportunidade de falar cos técnicos. Agarda que poida ser este mes. Non hai nada que agochar. Cree que como se actuou non é incorrer en ningún tipo de delito. Se vostede considera que é outra cousa ten que llo explicar a estes veciños. Por parte do concello dende o momento que con esas farolas se empezou co traballo de por o cadro, solicitar o boletín, está practicamente listo para a semana que ven.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que cree que o Sr. Alcalde é coñecedora do seu interese por que se fagan os traballos eléctricos na legalidade. Cree que xa houbo un problema cando se fixo a estrada de Mercurín cando estaba no goberno. Sempre estivo pendente destas cousas. Sabe que non calquera pode enganchar unha luminaria, ten que ten a calificación. Cando o pregunta e por algo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten que entender que o fan por costume. Isto acontece no so en Ordes, senón na maioría dos casos cando rematan os traballos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que lle consta que o fai por costume cando saben que non o poden facer.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ninguén llo impuxo por que senón non teríamos aos veciños seis semanas como os tivemos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Sobre as rozas efectuadas cos tractores municipais.
¿Teñen un almanaque de actuacións por lugares?.
- ¿Por onde estiveron traballando nas últimas datas?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 40

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dende outubro non se traballou máis cos tractores municipais, salvo necesidades puntuais. Hai problemas de dispoñibilidade de persoal. Vaise a convocar a contratación dun tractorista dentro das posibilidades que ofrecen os orzamentos e a lei de orzamentos xerais do estado. Algo que vostedes xa demandaron. O ano pasado de maio a novembro con medios propios actuaron en seis parroquias e con medios alleos en sete en pistas asfaltadas. O desbroce de pistas forestais, salvo unha parte de Buscás que se fixo con medios propios, se fixo con medios alleos. Hai unha previsión de traballo por lugares que se programa segundo as necesidades de cada parroquia. O que se fixo nas últimas datas foi acondicionar a zona onde esta a traballar o obradoiro detrás do instituto e o acondicionamento dos espazos onde se vai a celebrar a proba cabalar da Feira do Lacón con Grelos no Mesón do Vento. Ata o mes de maio a programación non vai arrancar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que lle recorda que na parroquia de Ardemil o ano pasado cando se fixeron as rozas non se perfilou ben de todo o que se debería. Este ano se se pode que se repase ben esa zona para que quede para un par de anos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle dixo que a día de hoxe non temos unha máquina para o traballo forestal, os tractores non valen para o traballo forestal. Ardemil é a parroquia con máis extensión. Temos que ter dotación orzamentaria para facer estas labores. A previsión que se fixo cos medios existentes é intentar chegar a todas as parroquias cada dous anos. No ano 2018 a Ardemil non lle toca, si ou si no 2019. Hai máis de 700 qm de pistas forestais. Non damos feito cos dous tractores traballando continuamente, se se contratan medios alleos sería necesaria unha partida máis importante. Agradece que a Consellería do Medio Rural cumprise a súa palabra de desbrozar todo Mercurín e Lesta, espera que nas próximas datas faga a parroquia de Parada. O ano pasado se fixo Mercurín e Ardemil, este ano tócalle a Leira, intentarán meter na campaña de prevención de incendios todo Santa Cruz de Montaos e se da para algo en Pereira, intentando chegar ao máximo de quilómetros posibles.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é consciente da cantidade de quilómetros e pistas que hai. Xa teñen reiterado dende este grupo que hai traballo para que os dous tractores estean traballando todos os días do ano. Se non hai maquinaria haberá que contratala, haberá que conseguir persoal. Non pode ser que dende outubro estean parados.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é moi fácil falar dende a oposición.

- Na última reunión do Consello da Emisora Municipal de Ordes, a raíz dunha proposta do BNG de Ordes, debateuse e acadouse un consenso sobre a modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento da Emisora Municipal de Ordes e do prezo público por difusión publicitaria na radio municipal.

Por todo iso preguntamos ao alcalde o seguinte:

¿Cando se vai iniciar a tramitación desas modificacións?

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que espera que no próximo pleno de marzo ou abril se poida proceder a súa aprobación inicial.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 41

- Nas festas patronais da vila de Ordes, un vehículo fixo colisión coa varanda de cantería do Parque da Constitución. A zona permaneceu precintada un lote de tempo ata que escasos días se levaron a cabo a actuación na zona que levaron á supresión por completo da citada varanda.

Por todo iso preguntamos ao alcalde o seguinte:

¿A que se debe esta modificación?.

¿Fíxose cargo o seguro do vehículo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que foi unha petición da brigada de obras que non podían acceder con moita maquinaria á zona do parque para as súas tarefas. Aproveitouse que estaba danado para facer esa reparación. A parte da rampla está prevista a colocación duns bolardos desmontables. O seguro aboará os danos en base a valoración da técnico municipal.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que consideran que tamén é necesario a instalación dalgún medio de protección aínda que sexa móbil para que poidan acceder os operarios por que esa zona está a carón mesmo da estrada da rúa do Recreo, cun tránsito bastante elevado incluso de camións.

- No lugar do Castro de Leira, existe un poste no medio e medio dun cruce de camiños, que como se adoita dicir “quedoulle ben descansada a cabeza a quen o puxo alí”.

No pleno ordinario de novembro de 2017, presentamos desde o BNG de Ordes un rogo solicitando a modificación da posición do citado poste cara unha situación máis lóxica e que non dificulte a circulación, tal e como o está a facer a día de hoxe.

Por todo iso preguntamos ao alcalde o seguinte:

¿Que trámites se levaron a cabo para modificar a posición do citado poste?.

¿Cando se prevé que poida ser realidade a modificación da posición do poste?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está comunicado á empresa, non ten unha data concreta, aínda non respostou a empresa. Cando conteste Telefónica falarán ao respecto, se o asumen perfecto, senón verán se o pode asumir o concello.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e vinte e tres minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO